

A QUEN VAI DIRIXIDA?

En xeral, diríxese a quen desexe adquirir coñecementos do mundo da empresa dun xeito práctico, a través do desenvolvemento dun proxecto empresarial que ten como obxecto fomentar o espírito emprendedor, o traballo en equipo, o uso das TIC's e a adquisición das ferramentas básicas que lle permitan comprender o funcionamento das distintas áreas dunha empresa e a viabilidade da mesma.

Cursar esta materia pode ser recomendable para aqueles alumnos/as que cursen a materia troncal de **Economía da empresa** en 2º bacharelato e queiran complementar o estudo da mesma co desenvolvemento dun proxecto empresarial que a través da metodoloxía "aprender facendo" lles permita afianzar e progresar no coñecemento da empresa e o seu funcionamento. É, por tanto, recomendable, ao igual que **Economía da empresa**, para aqueles/as alumnos/as que estean interesados en cursar algúns dos seguintes estudos:

Graos universitarios:

- Administración e Dirección - Publicidade e Relación de Empresas (ADE). públicas.
- Ciencias da Actividade - Relacións laborais e RRHH. Física e do Deporte.
- Ciencias da Cultura e Administración. - Ciencias Políticas e da Difusión Cultural.
- Ciencias Empresariais. - Traballo Social.
- Comercio. - Turismo.
- Comunicación Audiovisual. - Xeografía.
- Dereito. - Xestión de PEMES.
- Economía. - Xornalismo.

Estudos de formación profesional:

- Familias profesionais de: - Comercio e Márketing.
- Administración e Xestión. - Hostalaría e Turismo.

Tamén pode resultar interesante cursar esta materia por parte daqueles alumnos/as que, baixo un enfoque práctico, desexen adquirir coñecementos básicos do mundo empresarial que lles poidan resultar útiles para emprender no futuro ou para servir de base no estudo de materias relacionadas con Economía e organización de empresas que se poden atopar nalgúns dos seguintes graos universitarios

- Enxeñaría (todas). - Xeografía e Historia.
- Arquitectura. - Humanidades.
- Náutica e transporte marítimo.

E tamén para aqueles alumnos/as que vaian cursar graos universitarios relacionados coas Ciencias da Saúde e barallen a posibilidade de traballar no futuro por conta propia:

- Veterinaria, Fisioterapia, Odontoloxía, ...

ES
FAX

SEGUNDO
BACHARELATO

FUNDAMENTOS DE ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN



Esta materia específica trata de estimular entre o alumnado as destrezas que permitan pór en marcha un proxecto empresarial a través do estudo das variables que determinan a súa viabilidade.

Constitúe obxecto de estudo desta materia o conxunto de áreas nas que se divide a actividade da empresa, tanto no nivel de planificación de obxectivos como no nivel de xestión dos recursos e as actividades da empresa que permitan alcanzar o obxectivo dun proxecto empresarial, todo isto enmarcado dentro da idea de fomentar o espírito emprendedor na educación secundaria.

Préstase especial atención ao desenvolvemento da creatividade e o espírito de innovación para resolver situacións en diferentes ámbitos, así como a relevancia de valorar e percibir o erro de xeito positivo. Incentívase a elaboración de reflexións persoais e a toma de decisións fundamentadas, con independencia do resultado final, promóvese o traballo en equipo, mantendo unha comunicación fluída entre as persoas autoras do proxecto compartido, e dáselle un especial impulso á utilización de ferramentas informáticas e audiovisuais que axuden á difusión efectiva do proxecto.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

OBXECTIVOS:

- ✓ Fomentar a iniciativa emprendedora, desenvolvendo competencias e actitudes persoais: creatividade, traballo en equipo, ética empresarial, pensamento crítico, autonomía, responsabilidade social, ...
- ✓ Obter unha visión práctica do funcionamento dunha organización.
- ✓ Coñecer as distintas formas de constitución dunha organización, diferenciando os tipos de sociedades e os trámites necesarios para a súa posta en marcha.
- ✓ Identificar, utilizar e archivar os distintos documentos que xera o desenvolvemento da actividade.
- ✓ Comprender o concepto de patrimonio e o seu rexistro contable.
- ✓ Iniciarse no coñecemento e utilización das tecnoloxías da información e a comunicación aplicadas ás funcións de xestión e administración.
- ✓ Coñecer as fontes onde localizar as normas xurídicas e calquera tipo de información que afecte á organización.
- ✓ Ser capaz de elaborar un proxecto de emprendemento social ou empresarial de forma simulada, desde a súa constitución e posta en marcha, analizando a súa posible viabilidade comercial (estudo de mercado, plan de márketing e análise DAFO), económica (limiar de rendibilidade), financeira (criterio do VAN, plan de investimento e financiamento e previsión de tesourería) e outros criterios diversos, como a súa viabilidade tecnolóxica, xurídico-legal, social e ambiental.
- ✓ Expoñer publicamente o proxecto elaborado, que debe incluír a presentación dos promotores, selección da idea, análise da contorna, definición da estratexia competitiva, legalización e trámites, nome e logotipo, localización, organización e recursos humanos, descrición e estudo das distintas áreas de actividade e viabilidade do proxecto nos termos descritos anteriormente.

RESUME DE CONTIDOS:

- Bloque 1. Innovación empresarial. A idea de negocio: o proxecto de empresa.
- Bloque 2. A organización interna da empresa. Forma xurídica e recursos.
- Bloque 3. Documentación e trámites para a posta en marcha da empresa.
- Bloque 4. O plan de aprovisionamento.
- Bloque 5. Xestión comercial e márketing na empresa.
- Bloque 6. Xestión dos recursos humanos.
- Bloque 7. Xestión da contabilidade da empresa.
- Bloque 8. Investimento e xestión financeira. Viabilidade da empresa.
- Bloque 9: Presentación da idea de negocio.

